

Resolución reitoral pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a realización de cursos de verán na Universidade da Coruña durante o ano 2025 e se procede á súa convocatoria

Co fin de contribuír á divulgación do coñecemento, e en exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do disposto no artigo 36.1.n) dos Estatutos da Universidade da Coruña (UDC), aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, procedo a establecer as bases reguladoras das axudas para a realización de cursos de verán no 2025 e á súa convocatoria.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución establece as condicións e os criterios de selección, en réxime de concorrencia competitiva, para a asignación das axudas da UDC para a celebración de cursos de verán, así como as condicións de execución destas.

Para os efectos da presente convocatoria, considérase curso de verán a celebración de encontros, cursos, seminarios ou obradoiros que se oferte baixo a indicación de curso de verán, sexa por iniciativa propia da institución, sexa en colaboración con outras entidades, que se realicen en período estival baixo o logotipo ou identidade corporativa da UDC.

Todos os cursos de verán de carácter divulgativo da UDC rexeranse polas presentes bases, for na tramitación das solicitudes ou na súa execución. Os cursos de verán van dirixidos preferentemente a estudantes universitarios e a un público amplo interesado na oferta cultural, científica ou de actualidade canalizada pola UDC.

Os cursos deben diferenciarse da oferta de congresos, simposios e reunións científicas en obxectivos e público destinatario.

Artigo 2. Persoas solicitantes

Poderá presentar propostas de cursos de verán o persoal docente e investigador da UDC ou ben os centros, departamentos, institutos ou servizos da UDC.

Cada solicitante poderá optar a unha única axuda, de acordo co disposto nesta resolución desta convocatoria.

Artigo 3. Modalidades

As persoas solicitantes poderán presentar propostas nas seguintes modalidades:

- Modalidade A: cursos de 15 a 29 horas de duración presenciais.

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- b) Modalidade B: cursos de máis de 30 horas de duración presenciais.
- c) Modalidade C: cursos que traten aspectos distintos dunha temática común poderán dividirse nun máximo de 3 módulos de 15 horas de duración presenciais cada un e presentarse nunha única solicitude.
- d) Modalidade D: calquera das modalidades anteriores financiada con inscricións e axudas externas que non precisen subvención e se queiran acoller aos beneficios desta convocatoria.

Artigo 4. Duración e datas de realización

A duración máxima de cada curso será dunha semana e non debe superar as 8 horas lectivas por xornada.

O seu período de realización vai do día 1 ao 31 de xullo de 2025, ambos incluídos. Excepcionalmente, e en consideración do tipo de público ao que se dirixe, poderán autorizarse cursos entre xuño e setembro.

Artigo 5. Organización do curso

1. Cada curso deberá ter unha dirección e unha secretaría. A dirección pode ser ocupada tanto por persoal docente investigador (PDI) como por persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da UDC. A secretaría poderá ser ocupada por PDI, PTXAS ou estudiantado da UDC.
2. Correspóndelle á dirección do curso establecer os contidos, o profesorado e a organización; xestionará, ademais, a asistencia aos cursos e a posterior entrega de diplomas. De ser necesario, manterá comunicación coa Sección de Extensión Universitaria.
3. Correspóndelle á secretaría do curso asistir a dirección no desenvolvemento da xestión do curso e en todas as tarefas que se acorden.

Artigo 6. Número mínimo de matriculados e segunda edición

1. Para a súa aprobación definitiva, cada curso deberá ter un mínimo de 15 persoas matriculadas, excluíndose deste cómputo as persoas beneficiarias das bolsas de matrícula gratuíta outorgadas pola Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (en diante, VDCCD).

Soamente en casos excepcionais, debidamente xustificados e sempre que existan recursos económicos acreditados, a VDCCD poderá aprobar un curso cun número menor de persoas matriculadas.

2. Aqueles cursos que esgotasen o número de prazas e tivesen unha elevada demanda de asistentes poderán realizar unha segunda edición logo da autorización da VDCCD, que se financiará coa porcentaxe correspondente das inscricións e o financiamento externo.

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Artigo 7. Matrícula

A matriculación dos cursos de verán centralizarase na Sección de Extensión Universitaria, que remitirá as listaxes de admitidos á secretaría do curso.

Artigo 8. Sede, lugar de realización e saídas

1. As sedes do curso estarán nos campus da UDC, nas instalacións que esta posúe ou en espazos especialmente ofertados para este fin.

No caso de se realizar en instalacións alleas, a persoa que organiza o curso deberá promover a formalización dun convenio entre a entidade ou institución responsable desas instalacións e a UDC.

2. Para aquelas actividades que requiran saídas das instalacións da UDC será obrigatorio, para as persoas participantes que non sexan membros da comunidade universitaria, concertar un seguro de accidentes.

Artigo 9. Avaliación de resultados

Cada curso disporá dun procedemento de avaliación de resultados que será facilitado pola Sección de Extensión Universitaria e que deberá ser devolto á mesma Sección.

Artigo 10. Recoñecemento académico e diploma acreditativo

1. En ningún caso os cursos poderán ter efectos curriculares en relación con calquera das titulacións oficiais da UDC, agás os créditos correspondentes co disposto na Resolución reitoral vixente no momento de peche da convocatoria.

2. Entregaráselles un diploma acreditativo a todas as persoas participantes que asistan ao 85 % das sesións. O control da asistencia é responsabilidade da organización do curso.

CAPÍTULO II. Procedemento de concesión das axudas

Artigo 11. Solicitudes e documentación

1. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á publicación destas bases no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e remata o día 28 de febreiro de 2025 ás 14:00 h.

2. As solicitudes deben presentarse segundo o modelo oficial dispoñible no seguinte enderezo web: <https://udc.gal/occ/impresos/>

3. As solicitudes dirixiránse á Sección de Extensión Universitaria – Cursos de Verán, e presentarse a través do Rexistro da Sede Electrónica da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

4. A documentación que debe acompañar ao modelo oficial será:

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- a) Proxecto onde se inclúa:
- i. O título do curso.
 - ii. Idioma ou idiomas en que se impartirá (preferentemente en galego). [Lémbrese que esta convocatoria está dirixida a galego ou castelán falantes, mais existe a posibilidade de ofertar cursos noutros idiomas a través da convocatoria da *International Summer School*].
 - iii. Responsables da dirección e de la secretaría.
 - iv. Obxectivos razoados.
 - v. Estudantado a quen se dirixe.
 - vi. Programa do curso, onde se detallen as actividades académicas (conferencias, mesas redondas, obradoiros...), con indicación de días e horas.
 - vii. Relación de intervenientes, cun breve perfil académico ou profesional e adecuación ás materias tratadas (máximo 300 caracteres por cada persoa).
 - viii. Xustificación da importancia do curso en relación coa igualdade de xénero entre homes e mulleres.
- b) Orzamento que inclúa os honorarios de cada persoa participante, os posibles gastos de desprazamento, aloxamento e mantencións, publicidade, financiamento externo e outros.
- c) Para o financiamento externo: o compromiso deste por parte da entidade financiadora que indicará o importe e a forma de facer efectiva a axuda.

5. Será de aplicación ás solicitudes o disposto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Criterios de selección

1. A VDCD ordeará as solicitudes atendendo aos seguintes criterios e puntuacións máximas:

- a) Valoración académica e científica: máximo de 4 puntos.
- b) Calidade e solvencia das persoas intervenientes: máximo de 3 puntos.
- c) Oportunidade e actualidade da proposta: máximo de 2 puntos.
- d) Temática de actividades que non se realizara en edicións anteriores: máximo de 3 puntos.
- e) Éxito de participación en edicións anteriores: máximo de 2 puntos.
- f) Grao de financiamento externo documentado: máximo de 5 puntos.
- g) Cumprimento do principio de “presenza ou composición equilibrada” por xénero, recollido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2017, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ou adopción de accións positivas para primar a presenza de expertas: máximo 1 punto.

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Para este cálculo exclúense as autoridades ou representantes institucionais que participen nos actos de inauguración e/ou clausura.

2. Serán excluídas as solicitudes que non alcancen un total de 8 puntos, así como as propostas que coincidan con materias curriculares.

3. No caso de existiren coincidencias temáticas entre varias solicitudes e cando non for posible a súa integración nunha única, seleccionárase a de maior puntuación. En caso de empate, seleccionárase á de maior puntuación no apartado g) do parágrafo 1.

4. Procurárase garantir a renovación da oferta para lles dar cabida a actividades que non se realizasen en edicións anteriores.

Artigo 13. Adxudicación e aceptación

1. Resolverá a convocatoria e adxudicará as axudas a VDCD, quen informará á Comisión de Extensión Universitaria e ordeará a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

2. As persoas interesadas terán un prazo de 7 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación para aceptar a axuda.

3. As cantidades correspondentes ás axudas non aceptadas volverán redistribuírse coas solicitudes restantes.

CAPÍTULO III. ASPECTOS ECONÓMICOS

Artigo 14. Financiamento

1. As axudas que financian esta convocatoria serán a cargo da partida orzamentaria 170A 121A 22606 da VDCD. Cursos de verán e xornadas e ciclos de conferencias.

O centro de gasto correspondente a cada curso será o centro a que pertenza a dirección do curso.

2. As axudas non cubrirán o 100 % do orzamento total da actividade e en ningún caso superarán a cantidade de:

- 1500 euros para a modalidade A
- 2000 euros para as modalidades B e C.

3. A dirección do curso xestionará a axuda, sen prexuízo da presenza da Sección de Extensión Universitaria nas actuacións de control.

Deberá quedar debidamente cuberta a totalidade dos gastos xerados pola actividade (aloxamento, viaxes e honorarios de relatores, publicidade etc.).

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. Non son gastos subvencionables os gastos de protocolo.
5. Non se poderá destinar o importe total da axuda a un único gasto salvo coa autorización expresa da VDCD.
6. O financiamento externo que require esta convocatoria deberá constar por escrito e terá que figurar a entidade colaboradora e o importe e a forma de facer efectiva a axuda.
7. Finalizado o prazo de matriculación, e unha vez xerados os ingresos correspondentes, cada curso recibirá un financiamento adicional máximo do 80% do importe de matrícula recadado. A suma deste financiamento adicional xunto coa subvención recibida non poderá exceder do:
 - 70 % do orzamento do curso.
 - 100 % do orzamento do curso sumada a subvención allea recibida.
8. Ao remate do curso, o crédito sobrante na partida orzamentaria deberá figurar como dispoñible.

Artigo 15. Prezos de matrícula

1. Os prezos máximos de matrícula serán os seguintes:

a) Prezos xerais:

- i. Modalidade A: 50 €.
- ii. Modalidade B: 80 €.
- iii. Modalidade C: 50 € por módulo.

b) Prezo reducido, aplicable a estudantes de calquera universidade, persoas desempregadas, pensionistas e comunidade universitaria da UDC:

- i. Modalidade A: 30 €.
- ii. Modalidade B: 50 €.
- iii. Modalidade C: 30 € por módulo.

Os prezos para a modalidade D serán establecidos pola dirección do curso e non poderán exceder de 200 € e 300 €, reducido e xeral respectivamente.

2. A VDCD disporá dun máximo de 4 prazas por curso destinadas á concesión de 4 bolsas de matrícula gratuíta para estudantado da UDC con credencial de bolseira/o no curso académico actual. Só se concederá unha bolsa por estudante.

Artigo 16. Retribucións

1. Os honorarios da dirección e secretaría poderán ser como máximo de 400 € e 250 € brutos, respectivamente, nas modalidades A, B, D, e máximo de 300 € e 200 € brutos por módulo, na modalidade C.

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. A retribución ao profesorado, tanto alleo como propio da UDC, será como máximo de 80 € brutos por hora impartida ata un máximo de 500 € brutos nas modalidades A, B e D e ata un máximo de 300 € por módulo na modalidade C. O profesorado de fóra da UDC terá que impartir un mínimo de 2 horas por curso.

3. No caso de profesorado externo de recoñecido prestixio indicárase o patrocinio que cubrirá os gastos que excedan a retribución anterior. No caso contrario, a UDC non asumirá o custo engadido que iso poida implicar.

4. A dirección e secretaría do curso que participen como profesorado ou como relatores/as dun curso poderán ter unha retribución máxima de 60 € brutos por hora impartida ata un máximo de 240 € nas modalidades A, B, e D e ata un máximo de 180 € por módulo na modalidade C.

5. En todas as retribucións anteriores se realizará a retención correspondente a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

CAPÍTULO IV. Obrigas das persoas solicitantes

Artigo 17. Programa definitivo

1. Unha vez publicada a resolución definitiva desta convocatoria, a dirección do curso enviaralle o programa definitivo á Sección de Extensión Universitaria no prazo de 10 días naturais, xunto coa confirmación de asistencia das persoas intervinientes.

2. Calquera variación respecto da proposta presentada a esta convocatoria deberá ser notificada á VDCD para a súa toma en consideración.

Artigo 18. Imaxe institucional

1. Todas as actividades incluírán, no material de difusión e na súa publicidade, o símbolo e logotipo da UDC e, de acordo cos convenios asinados por esta, os daquelas outras entidades que, de ser o caso, indiquen as persoas organizadoras.

2. No caso de elaborar publicidade específica, esta correrá por conta da organización do curso e se axustará ás normas de identidade corporativa (<https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/>) e ao Regulamento de usos da lingua galega da UDC (https://www.udc.gal/normativa/xeral/regulamento_usos_lingua_galega/).

Artigo 19. Memoria xustificativa

1. Antes do 14 de novembro, achegarase á Sección de Extensión Universitaria unha memoria xustificativa, que incluírá, cando menos:

a) A memoria académica da actividade (1 páxina).

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	7/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- b) Publicidade propia do curso (folletos, cartaces, insercións publicitarias etc.).
- c) Información e referencias sobre o curso nos medios de comunicación e o seu impacto.
- d) A memoria económica, que incluirá:
 - i. A relación de gastos e ingresos, facilitada e asinada pola persoa responsable de asuntos económicos do centro. Informe Documenta de Universitas XXI.
 - ii. As axudas solicitadas, concedidas ou denegadas.
 - iii. O destino pormenorizado da axuda económica da UDC.
- e) Os documentos de avaliación de resultados.

2. Esta memoria debe axustarse ao modelo que se indica na páxina web:
<https://www.udc.gal/gl/occ/impresos/>

CAPÍTULO V. Protección de datos

Artigo 20. Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal>, no apartado Outros trámites.

b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rp@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

CAPÍTULO VI. Incumplimentos

Artigo 20. Imposibilidade de concorrencia a próximas convocatorias e reintegro

A renuncia, a falta de execución ou o uso da axuda para un fin diferente ao declarado dará lugar á imposibilidade de concorrencia á convocatoria ou convocatorias seguintes, sen prexuízo da incoación dun expediente para o reintegro parcial ou total da axuda, de conformidade co disposto na normativa de subvencións.

Disposición adicional

1. A VDCD resérvase a posibilidade de encargar directamente cursos que traten temas de interese institucional e actualidade non ofrecidos nas propostas presentadas. Estes cursos poden partir da iniciativa de asociacións de estudantes recoñecidas no ámbito da UDC; persoas, asociacións ou institucións expertas na temática que se vaia tratar.

Código Seguro De Verificación	fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Todas as decisións tomadas pola VDCD referidas a esta convocatoria serán informadas á Comisión de Extensión Universitaria.

Disposición final. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O REITOR

PD (RR 10/07/2025)

A VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE

Código Seguro De Verificación		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor/a - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Cristina Naya Riveiro	Asinado	23/01/2025 14:15:49
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fPvLMacGnfopV8SD8PjePw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

